

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER), A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE MONDOÑEDO E A ASOCIACIÓN DE PRODUTORES DE CONSERVAS DE HORTALIZAS DE MONDOÑEDO PARA O PROXECTO SENLLEIRO "ACONDICIONAMENTO DE NAVE NO CAMIÑO DE SANTIAGO PARA A DIFUSIÓN DAS TÉCNICAS ARTESÁNS DE CONSERVAS DE VEXETAIS", ORIENTADO AO REFORZAMENTO DA OFERTA TURÍSTICA DO CAMIÑO DE SANTIAGO E DA MELLORA DA ESTRUTURA E INFRAESTRUTURA DO TERRITORIO PARA FORTALECER O DESENVOLVEMENTO DO RURAL GALEGO.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

REUNIDOS

Por unha parte, D^a. María Nava Castro Domínguez, directora da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 120/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio), na súa condición de presidente, actuando en nome e representación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).



Doutra parte, Manuel Ángel Otero Legide, en nome e representación como Alcalde Presidente do **Concello de Mondoñedo**, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra, Mónica-Gema Maestre Gómez, con NIF 08.029.323-T e domicilio a estes efectos en Avenida de Bos Aires, 16 – 3º C.P. 27740 de Mondoñedo (Lugo), en nome e representación da Asociación de Produtores de Conservas de Hortalizas de Mondoñedo, con CIF G-27.512.896 e domicilio en Lugar de Batán, s/n 27748 Mondoñedo (Lugo), creada o 19 de setembro de 2019 e inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2019/023763-1ª en virtude de resolución adoptada pola Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o día 8 de novembro de 2019. A representación da Asociación osténtaa en virtude do seu nomeamento como Presidenta, que tivo lugar no acto de constitución da Asociación, o día 19 de setembro de 2019.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade da Xunta de Galicia, á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

Así mesmo, o artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde *"a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que*



redunde en beneficio do Camiño de Santiago”.

Segundo.- Agader é un ente de dereito público, que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia. Este desenvolvemento ten como finalidade mellorar a calidade e as condicións de vida dos habitantes do medio rural, e contribuír á cohesión do territorio galego.

No cumprimento das súas finalidades, Agader quere acometer a posta en marcha de proxectos senlleiros que poidan afectar a elementos do ámbito da mellora da calidade de vida da poboación que farán do medio rural un lugar mais atractivo e polo tanto favorecerán a fixación da poboación no campo galego e mesmo do tecido produtivo, ao ser estas actuacións interesantes dende o punto de vista de posibilitar o acceso a servizos non existentes ata o de agora.

As funcións de Agader previstas nos seus comezos aparecen recollidas na disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro). Esta lei foi modificada, na súa disposición adicional sexta, pola Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 244, do 17 de decembro), pola Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 250, do 30 de decembro) e pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público.

De conformidade co disposto na citada Lei 5/2000, do 28 de decembro, entre as funcións da axencia están:

- Impulsar a formulación, por parte dos axentes socioeconómicos locais das zonas rurais, de iniciativas e programas de desenvolvemento.
- Promover e incentivar a cooperación entre os axentes públicos e privados nos que as súas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- Elaborar estratexias e plans integrados de coordinación de actuacións de diversa natureza no medio rural, así como promover avaliacións independentes dos resultados dos ditos plans que permitan a súa revisión.

Terceiro.- O Concello de Mondoñedo, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de



abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, ten competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”. O concello está disposto a apoiar a toda costa a execución deste importantísimo proxecto para Mondoñedo achegando os fondos necesarios para cubrir os aumentos de custos derivados da escaseza de materiais e man de obra que se veñen sufrindo nos últimos meses a nivel mundial.

Cuarto.- Por outro lado a Asociación de Produtores de Conservas de Hortalizas de Mondoñedo é unha entidade referente na potenciación de actuacións que favorezan o desenvolvemento da súa contorna, e de acordo co previsto nos seus estatutos, os fins da Asociación son os seguintes:

1. Fomentar, promocionar e apoiar a produción de conservas de hortalizas en Mondoñedo.
2. Fomentar, promocionar e apoiar a comercialización das conservas de hortalizas producidas en Mondoñedo, tanto directa polos produtores como a través de calquera outra canle de distribución.
3. Fomentar e apoiar a realización de actividades de promoción do produto e do seu consumo.
4. Fomentar e apoiar as actividades de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i) relativas á produción de conservas de hortalizas que resulten de interese e en beneficio dos produtores da Asociación.

Para o cumprimento dos seus fins, e nos termos previstos no seu estatuto, a Asociación poderá cooperar con outras entidades, de calquera tipoloxía e tanto públicas como privadas, que se centren en obxectivos similares ós da Asociación ou poidan apoiar ou contribuír dalgunha maneira ós fins da Asociación.

Quinto.- Pola súa parte, Agader quere acometer proxectos que poidan afectar a sectores produtivos no rural galego, xa que as ditas actuacións inciden tanto na preservación dos valores sociais do rural e da propia relación dos seus habitantes co seu medio, como na mellora dos servizos educativos, culturais, e de ocio que farán do medio rural un lugar mais atractivo ao ser estas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.



Con este convenio de colaboración dispórase dun espazo para que poidan desenvolverse actividades que pretende favorecer a mellora da calidade de vida da poboación do rural galego, desenvolvendo infraestruturas que para o rural deberían ser, sen dúbida, uns dos alicerces nos cales deben sosterse as políticas de fixación de poboación durante os vindeiros anos.

Sexto.- Por outra parte, a Axencia Turismo de Galicia, considera de interese promover e potenciar o turismo nas zonas rurais, xa que supón para elas unha oportunidade de potenciación económica que incremente as oportunidades de traballo e cimente os piares ata unha taxa demográfica positiva e continuada no tempo.

Neste senso, o turismo industrial, que é unha actividade turística emerxente e que serve para que moitos destinos, posuidores dun patrimonio industrial, poidan adecualo e convertelo nunha atracción turística que contribúa ao desenvolvemento de dito turismo, pode desenvolver un papel importante, xa que permite ao visitante, entre outras cousas, coñecer o produto e os procesos de elaboración, e ao mesmo tempo achega ao turista á poboación local, dando un valor engadido ás súas profesións e modo de vida.

Deste xeito créanse sinerxías entre o tecido industrial e tradicións dun territorio e a súa oferta turística, contribuíndo á ampliación e desestacionalización desta, o que supón unha oportunidade para fomentar a transformación social e económica de territorios afastados dos focos turísticos.

Sétimo.- Debido á necesidade de atender áreas específicas, como o lugar de Batán, no concello de Mondoñedo, convén realizar investimentos que redunden na mellora da calidade de vida da poboación. Así, con este proxecto, o que se pretende é pór en marcha un proxecto de mostra e obradoiros de envasado de hortalizas, para o cal é necesario realizar unha obra para a adecuación e equipamento dunha nave co fin de albergar un obradoiro participativo e explicativo dos coñecementos e técnicas propias dunha fábrica de conservas vexetais, así como instalar a maquinaria necesaria para o proceso de envasado.

Asemade, esta nave está situada no trazado mesmo do Camiño de Santiago, de xeito que enriquecerá a oferta cultural do Camiño mediante a exhibición aos peregrinos dos coñecementos tradicionais de explotación do agro e da primeira transformación dos seus



produtos, nun contexto de calidade representado pola marca de garantía "Horta de Mondoñedo" como indicación xeográfica de procedencia.

Neste senso, o concello de Mondoñedo realizou no 2020 unha labor de potenciación do Camiño de Santiago co proxecto "Camiños de identidade", no que participou a Asociación de Produtores de Conservas de Hortalizas de Mondoñedo, difundindo os valores culturais, artesanais e gastronómicos do territorio, e promocionando o produto autóctono do termo municipal de Mondoñedo na busca de reforzar os atractivos turísticos do concello e o asentamento da poboación.

Oitavo.- O presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Turismo de Galicia. Esta entidade entende que é de interese público colaborar para a execución do obxecto deste convenio, non sendo posible promover a concorrència pola singularidade das actividades, representadas pola marca de garantía "Hortas de Mondoñedo", que se van a desenvolver nas estruturas ou infraestruturas sobre as que se vai actuar; así como pola necesidade de atender áreas con necesidades específicas como o lugar de Batán, no concello de Mondoñedo, para a mellora da calidade de vida da poboación; e a posta en valor do Camiño de Santiago de cara a celebración do Ano Santo Xacobeo, ofrecendo ao visitantes e peregrinos produtos turísticos novidosos, que incidirán na promoción e potenciación do turismo en Galicia.

Por todo o exposto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, acordan asinar este convenio de colaboración baseándose nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia



Turismo de Galicia, Agader, o Concello de Mondoñedo e a Asociación de Produtores de Conservas de Hortalizas de Mondoñedo para o proxecto senlleiro “acondicionamento de nave no Camiño de Santiago para a difusión das técnicas artesáns de conservas de vexetais”, orientado ao reforzamento da oferta turística do Camiño de Santiago e da mellora da estrutura e infraestrutura do territorio para fortalecer o desenvolvemento do rural galego.

SEGUNDA.- Actuacións a realizar

As actuacións a realizar por parte da Asociación de Produtores de Conservas de Hortalizas de Mondoñedo será a adecuación e equipamento dunha nave sita no Lugar de Batán, s/n, Mondoñedo, sobre o proxecto de obra que se incorpora ao expediente, co fin de albergar un obradoiro participativo e explicativo dos coñecementos e técnicas propias de unha fábrica de conservas vexetais e instalación da maquinaria necesaria para o proceso de envasado, segundo a descrición que se incorpora nos planos que se anexan ao referido proxecto.

A tal fin a Asociación, por medio dos seus asociados, comprométese a manter en funcionamento, de xeito aberto e participativo a tódolos visitantes que o desexen, un obradoiro de técnicas artesáns de conservas vexetais, de xeito que os visitantes poidan coñecer:

- Os principais produtos e técnicas de labor da “Horta de Mondoñedo”, como manifestación cultural da explotación do territorio polo que discorre o Camiño.
- As técnicas de primeira transformación de ditos produtos, concretamente da súa preparación e envasado.

Para iso cómpre realizar as actuacións necesarias que permitan ofrecer, por parte das distintas entidades, uns servizos de difusión ben planificados dos que debemos responsabilizarnos, para garantir a todos os visitantes e cidadáns o uso das infraestruturas obxecto do convenio.

TERCEIRA.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 155.000,00 € (IVE incluído), co seguinte desagregamento:



- EXECUCIÓN MATERIAL.....34.008,95 €
 - ACTUACIÓNS PREVIAS..... 1.755,45 €
 - REDE DE SANEAMENTO1.859,13 €
 - ALBAÑILERÍA.....3.110,12 €
 - PINTURAS E TRATAMENTOS.....1.156,05 €
 - CARPINTERÍA.....3.449,70 €
 - INSTALACIÓNS..... 22.678,50 €

- EQUIPAMENTO90.490,22 €
- HONORARIOS PROFESIONAIS.....3.600,00 €
- TOTAL B.I.....**128.099,17 €**

- IVE 21%..... 26.900,83 €

- **IMPORTE TOTAL155.000,00€**

Agader realizará unha achega por importe máximo de cento trinta e cinco mil euros (135.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A.781.0, código de proxecto 2017 00003 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural", dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022. O importe que se compromete a achegar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural será obxecto de retención de crédito e baixa na aplicación máis arriba indicada. O citado orzamento será ampliado no orzamento da Axencia Turismo de Galicia, na aplicación orzamentaria 05.A2.761A.781.0, código de proxecto 2015 00005 "Fomento do turismo", do orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

A Axencia Turismo de Galicia comprométese a pagar á Asociación de Produtores de Conservas de Hortalizas de Mondoñedo a cantidade de cento trinta e cinco mil euros (135.000,00 €), para os traballos descritos nos parágrafos anteriores con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.781.0, código de proxecto 2015 00005.



Esta contía constitúe o importe máximo da subvención, quedando por conta do Concello de Mondoñedo a diferenza de financiamento necesario para a execución do obxecto do presente convenio, isto é, vinte mil euros (20.000,00 €), debendo ser reintegrado ou minorado unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Esta achega queda sometida ao réxime de minimis nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013).

Ao estar este réxime de axudas suxeito ao Regulamento (UE) 1407/2013 relativo ás axudas de minimis, deberase garantir que, no caso de recibir as persoas beneficiarias outras axudas baixo este réxime de minimis, non se supera o límite de 200.000 € nun período de tres exercicios fiscais. Este límite aplicarase independentemente da forma da axuda de minimis ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido no artigo 2 do citado regulamento.

CUARTA. – Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2022. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

O IVE só será gasto subvencionable no caso de non repercutirse nin compensarse pola



Asociación, ao abeiro do disposto no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Obrigas das entidades

1. A Asociación de Produtores de Conservas de Hortalizas de Mondoñedo, como entidade beneficiaria da subvención, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para as actuacións que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca do Xacobeo 2021-22, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 104/2021, do 24 de xuño, polo que se aproba a actualización do Manual de identidade gráfica Xacobeo 2021-22 (DOG núm. 132, do 13 de xullo).
- Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia de acordo co previsto no parágrafo anterior.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no



cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos durante un período mínimo de 5 anos, sempre e cando se trate de bens inventariables. A Axencia Turismo de Galicia poderá comprobar, cando o consideren pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

- Subministrar, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.

2. Agader e a Axencia Turismo de Galicia comprométense a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula terceira.

3. O Concello de Mondoñedo comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula terceira.

SEXTA.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.



De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia o importe da subvención en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, superen o custe da actividade subvencionada.

SÉTIMA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia e Agader, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lles poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

OITAVA.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a Asociación para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A Asociación será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiralles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.



En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

NOVENA.- Xustificación dos gastos

1. A Asociación, segundo se establece nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, estará obrigada a xustificar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e



do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, no seu caso, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

g) Unha declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 3.2 do Regulamento de minimis).

h) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e o logo do Xacobeo 21.22

- Reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comezo da obra e o resultado final unha vez executada, así como a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula quinta.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.



2. De conformidade co artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou gozo da subvención. Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, e quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

A comprobación material definida no parágrafo anterior poderase encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

Excepcionalmente, a comprobación material poderase substituír por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

3. O prazo máximo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da Asociación é o 1 de decembro de 2022.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

4. Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado para as actividades subvencionadas, obxecto do presente convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da contía xustificada.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



DÉCIMA.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 50% da subvención concedida, segundo o disposto no artigo 63.1.Dous do citado Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Coa solicitude de anticipo, a Asociación terá que presentar certificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, a Asociación deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula oitava.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe correspondente aos pagamentos xustificados, conforme establece o artigo 62 do citado Regulamento.

De conformidade co disposto no citado artigo 65 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, deberá constituírse garantía correspondente aos pagamentos anticipados, cando a súa contía acumulada supere os 18.000 €. A garantía deberá cubrir o 110% do importe das contías pagadas a conta ou das cantidades anticipadas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste



convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

DÉCIMO SEGUNDA.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante



designado pola Asociación, un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia, un representante designado por Agader e un representante designado polo Concello de Mondoñedo.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no regulamento da dita lei.

DÉCIMO QUINTA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen
- O acordo unánime de todos os asinantes
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio

DÉCIMO SEXTA.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de



Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia polas persoas titulares da Dirección da Axencia Turismo de Galicia e Agader, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

DÉCIMO SÉTIMA.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade dos datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado



no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

DÉCIMO OITAVA.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do convenio se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

DÉCIMO NOVENA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



VIXÉSIMA.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio na data da súa sinatura dixital.

Polo presidente de Agader

Pola Axencia Turismo de Galicia

José González Vázquez

M^a Nava Castro Domínguez

Polo Concello de Mondoñedo

Pola Asociación de Produtores de conservas de hortalizas de Mondoñedo

Manuel Ángel Otero Legide

Mónica Gema Maestre Gómez

